



CARMEN CHACÓN

Isabel. Leningrado 1940

Evidenciar o que arrastramos no inconsciente colectivo, mitoloxía grega, arquetipos coa súa Sombra etc. Aflorar emocións non recoñecidas, amosar a dor e a valentía de ser o que queremos ser con voz propia, aquí e agora.

Sala Pazo de San Marcos / Museo Fortaleza San Paio de Narla
Orde de visita recomendada Pazo de San Marcos: (1) María Xosé Domínguez (2) Carmen Chacón



**EU... TI...
ELAS...
NOSOUTRAS
NOSOUTRXS
EN REDE**



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

EU estou TI estás ELAS están NOSOUTRAS estamos
NÓS+OUTRXS estamxs EN REDE para conquistar, na
diversidade, a plena igualdade. Estamxs, somxs, facemxs,
existimxs... As formas verbais non expresan xéneros.

Os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo reclaman
a vosa atención para con esta dúcia de proxectos, dispares na
forma, unívocos no fondo, solidarios coa desigualdade. Voces,
xestos, memorias e imaxes que pretender provocar reflexións e
chamadas de atención sobre o EU subordinado. Olo! Un EU que
podes ser TI, ELAS, NOSOUTRAS, NÓS+OUTRXS.

Comisariado: Encarna Lago e Antonio Reigosa

Comezo necesitando empaparme de toda a información posible antes de poñerme a traballar sobre as liñas básicas do meu proxecto. Os temas puntuais non os busco, chegan... Xero o proxecto expositivo, doulle forma, redáctoo segundo o espazo e compro materiais. Sempre necesito o caos para crear. Cando me poño a crear as pezas, afloran todas as emocións que levo dentro. Deixo saír o que me resoa a través da música, outras veces do silencio.... Agora xorde o resto do caos e saen á luz as obras e déixome levar. Esquézome da razón e de todo, incluída eu mesma. Traballando moitas veces noite e día.



Contacto

FB: [espaciochacon /carmen.chacon3](#)

Instagram: [voyalestudio](#)

zonachacon@hotmail.com
